



A FOLLA DA CGT

Núm. 21 - 15 maio 2020

Masificación + ausencia de recursos = máis probabilidade dun brote

CGT

Ós problemas que xa denunciabamos cando entraban entre 200 e 300 traballadores, agora se suma a masificación dos espazos.


Masificación especialmente grave no caso do AAOR1, pero que tamén se irá vendo no resto da factoría por mor da política de chamar ós TES e á xente que estaba a teletraballar.

¿Que podemos agardar dunha dirección que estivo obrigando a mudarse, ducharse ou ir ó baño nunhas condicións que non cumprían co protocolo ó centenar de compañeiros da IA que empezaron a traballar no AAOR1 o día que se iniciou este experimento? Nada, porque a dirección xa cumpriu elaborando un protocolo que descarga as responsabilidades dun brote en Navantia sobre os traballadores da limpeza, mandos intermedios ou os traballadores en xeral.

A masificación é un problema en si mesma. Por moito que se invista en hixienización e prevención, se hai masificación non se poderán dar unhas mínimas garantías. Moito menos se non se fai ese investimento. É inadmisibile que o número de traballadores da limpeza sexa o mesmo que había sen pandemia. Navantia ten que gastar moito máis e presentar un plan económico para reforzar a seguridade fronte a pandemia.

Tanto a falla de recursos como a masificación están a ser impulsados por esta dirección. Eles son os responsables inmediatos do que poida acontecer nos vindeiros días ou semanas.

A CGT fará todo o que estea na nosa man para impedilo, non só legalmente.



Denuncia en Inspección

A CGT e a CIG presentamos unha denuncia conxunta na Inspección de Traballo pola situación da factoría, especialmente en relación coa limpeza.

Ambos sindicatos consideramos que os **incumprimentos** do protocolo son **constantes** e que é necesario aumentar o plantel da limpeza, dado que as esixencias hixiénico-sanitarias son moito maiores que antes.



O papel dun sindicato de clase

Esta semana puido verse de xeito práctico as políticas dos diferentes sindicatos fronte ó que está a acontecer.

Tralo comunicado do intercentros do venres, a **CGT** instou ó resto dos sindicatos a reunirse o sábado para decidir actuar en consecuencia. Pero na reunión non atopamos que se quixese dar unha **resposta** proporcional á gravidade da situación.

Neste reingreso sen xeito hai sindicatos que miran para outro lado. Lonxe de cerrar o tema cun comunicado criticando a inacción sindical, a **CGT** decidiu



pasar á acción, preparando durante a fin de semana unha octavilla que repartimos a partir das 4:45 do luns nas portas e facendo unha asemblea ás 7 da mañá.

¿Que fixeron outros? Pois entenderon que, no canto de artellar unha resposta sindical colectiva por parte do comité para o conxunto da factoría, a solución era (e citamos textualmente) "poñédevos en contacto co voso responsable, e se non vos é facilitada ningunha solución estamos á vosa disposición para tratala onde corresponda".

Que cadaquén saque as súas conclusións.

Novos ingresos

O martes houbo unha vídeoconferencia coa empresa, que, polo menos de palabra, se mostra disposta a abrir un período de **reinscripción** para tódalas persoas que foron declaradas **non admitidas** na convocatoria das prazas de operarios e empregados júnior do 2019 (os admitidos non terían que facer nada).

Pero houbo outras novidades. Nada máis comezar a vídeoconferencia, CCOO pediu un receso da parte social para plantexar a comenencia de "reorientar" as prazas. Dada a sorpresa, decidiuse que esa non era a maneira de presentar nada e que o tema se tratase na permanente. Retomada a vídeoconferencia, ¿con que nos atopamos? Con que a empresa plantexa que, sen cambiar as especialidades nin o número de prazas de cada unha delas, se debería "reorientar" as profesións de destino dos futuros traballadores. Casualidades da vida.

A permanente abordou o tema hoxe (cando a CCOO lle interesa, as reunións do comité celébranse rapidamente). ¿E que proposta aparece? **Que coas persoas que se presenten ás prazas de 2019 e non saquen praza se forme unha bolsa de contratación eventual.** Ou sexa, o mesmo que coa FP Dual: cambiar as cousas **a posteriori** (no caso da FP Dual, de estudantes en prácticas a "aprendices" de Navantia; agora, de opositor sen praza a traballador eventual).

A **CGT** xa amosou o seu total e absoluto rexeitamento a esta nova **trangallada**. Estamos totalmente a favor de diminuír a subcontratación e aumentar a plantilla propia, aínda que sexa mediante contratacións eventuais. Tamén de que Navantia teña unha bolsa de emprego. Pero isto terá que facerse mediante unha convocatoria na que **todo o mundo** saiba **de antemán** as posibilidades **todas** que ofrece, sen que despois aparezan propostas sobrevenidas que responden unicamente ó **clientelismo sindical**.

¡Auga xa!

O traballo reiniciouse o 20 de abril. Ese mesmo día, a CGT reclamoulle á dirección que tiña que poñer auga a disposición dos traballadores. Primeiro que se ían repartir botellíns, despois que se ían poñer botes de hidroxel nas fontes, agora que se van reactivar as máquinas de bebidas... **¡Catro semanas sen auga!** Toda unha proba do **desprezo** da dirección cara os traballadores.

En Puerto Real se ten posto un camión frigorífico con botellíns para que os traballadores puidesen abastecerse. En pleno ano 2020, é unha **vergoña** que a única opción para un operario que esqueza traer auga da casa sexa beber da billa dun lavabo.

Se as barbas do veciño...

Os nosos compañeiros da **CGT** de Correos veñen de denunciar que este luns a empresa presionou a un traballador "de risco" para que se incorporase á oficina e que posteriormente comezou a ter síntomas COVID-19. O resultado: o mércores **pecharon** toda a oficina para a súa desinfección. Outra mostra de **irresponsabilidade** nunha empresa pública como a nosa.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS

